



Asociación de **I**nspectoras e **I**nspectores  
de **E**ducación de **G**alicia

CONGRESO DA INSPECCIÓN

EDUCATIVA DE GALICIA

***"A INSPECCIÓN EDUCATIVA: NOVOS RETOS,  
NOVAS OPORTUNIDADES"***

OURENSE – 2 E 3 DE MAIO 2024

# OURENSE – 3 DE MAIO 2024

## Relator/a:



**Alfredo Hernando Calvo** é psicólogo, investigador e pai. Tres facetas que une na súa paixón pola innovación educativa.

No ano 2013 creou o proxecto **Escola21.org**: un laboratorio de innovación educativa que viaxa por todo o mundo co obxectivo de identificar, comunicar e replicar as mellores prácticas internacionais nas escolas máis innovadoras. Unha viaxe que durante o últimos seis anos levoulle a experimentar con equipos de profesores de todos os continentes, xerando redes de traballo, proxectos, publicacións e dinámicas de acompañamento a escolas, á vez que comparte, dialoga, constrúe e aprende en rede e na rede.

Alfredo é un precursor da metodoloxía das paisaxes de aprendizaxe e un explorador do design thinking, a personalización e os algoritmos de aprendizaxe, a integración tecnolóxica na aula e da xestión de procesos de innovación e cambio na escola.

Con centos de horas de formación e acompañamento a claustros, é un relator recorrente de institucións educativas públicas e privadas, centros de formación de profesores, servizos territoriais, universidades, fundacións e organismos educativos internacionais.

Participa activamente nas redes sociais, en congresos, titulacións presenciais e formacións en liña, escribe para distintas publicacións e medios pero, sobre todo, segue investigando e compartindo as mellores experiencias educativas.


A súa última publicación, que leva por título *"Escolas innovadoras e familias creativas. Unha guía para transformar xuntos as educación"*, compartiuse para descargar con licenzas abertas, e xunto ao seu anterior libro con Fundación Telefónica, *"Viaxe á escola do século XXII"*. Así traballan os centros máis innovadores do mundo, xa se achegan ao millón de descargas en todo o mundo.

## **Relatorio: "A escola da IA: Pedagogía e Tecnoloxía co alumnado do centro"**

Ao longo da sesión, o noso relator dará unha charla informativa e reflexiva que nos achegará unha visión integral de como a IA pode ser aproveitada para mellorar a educación, utilizándoa de maneira efectiva para que o seu fin sexa enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe, pero mantendo sempre ao estudante como prioridade fundamental.

Nela abordaranse dunha forma práctica as oportunidades e retos en educación, presentando algunhas experiencias educativas con IA e finalizando con algúns dos seus usos prácticos na aula.

#### **Relator/a:**



**Azucena Vázquez Gutiérrez** é unha entusiasta da transformación educativa mediante as metodoloxías activas e a integración de tecnoloxías dixitais desde unha mirada equitativa, inclusiva, ética e crítica, que fomente a personalización da aprendizaxe. Conta con vinte anos de experiencia docente en distintos niveis educativos, desde educación infantil á universidade, pasando por bacharelato, formación profesional e formación de adultos.

Cun doutoramento en educación e tecnoloxías dixitais, é Directora de Transformación Dixital en Escola21 e Coordinadora da SX3 Academy na Corporació Catalá de Mitjans Audiovisuais - 3 cat.

Coautora da guía *"Os algoritmos a exame, por que IA en educación"*, liderou e ten participado en cursos, relatorios e publicacións sobre a IA no ámbito educativo.

#### **Relatorio: "Explorando novos horizontes: oportunidades e retos da IA en educación."**

Ao longo da charla, Azucena Vázquez ofreceranos unha mirada profunda e perspicaz sobre o impacto transformador que a intelixencia artificial (IA) está a ter no ámbito educativo, coas innovacións e avances tecnolóxicos que están a redefinir a maneira na que se ensina e aprende.

No relatorio veranse tanto as oportunidades como os desafíos que a IA presenta no campo educativo, destacando as numerosas formas en que a IA pode mellorar a experiencia de aprendizaxe, desde a personalización do contido educativo ata a automatización de tarefas administrativas, permitindo aos educadores concentrarse en aspectos máis creativos e significativos do ensino.

Tamén se abordarán as preocupacións éticas e prácticas relacionadas coa implantación da IA na aula, como a privacidade dos datos, a equidade no acceso e o papel cambiante do mestre.

# OURENSE – 3 DE MAIO 2024

## **Relator/a:**



**Daniel González Peña** é profesor Catedrático no Departamento de Informática da Universidade de Vigo, no que imparte docencia desde hai 18 anos a alumnos de Grao e Máster, especialmente en titulacións de Enxeñería Informática da Escola Superior de Enxeñería Informática (Campus de Ourense). En materia de investigación traballou na aplicación de técnicas de Intelixencia Artificial en Bioinformática e Biomedicina, realizando máis de 50 artigos científicos, dirixido 7 tese doutoral e sido investigador principal de varios proxectos de investigación e desenvolvemento, tanto a nivel autonómico, como do Plan Nacional de I+D+i.



**José Ramón Méndez Reboredo** é profesor Titular no departamento de Informática da Universidade de Vigo. En materia de investigación traballou especialmente no desenvolvemento e aplicación de técnicas de IA ao procesamento de texto incluíndo tecnoloxías para achegar información semántica á resolución de problemas sobre o texto. Como resultado diso é autor de 39 publicacións científicas en revistas indexadas no índice de calidade JCR e outras moitas contribucións noutros formatos (artigos en revistas non indexadas, congresos, libros, #etc). Segundo Scopus, os seus traballos foron obxecto de 802 citas incluídas en 504 documentos distintos. Foi investigador principal en varios proxectos de investigación a nivel autonómico e nacional orientados ao uso de IA para a resolución de problemas sobre textos.

## ***Relatorio: "IA xenerativa para mellorar a produtividade nas funcións da inspección educativa".***

Na última década, a Intelixencia Artificial experimentou avances sen precedentes no seu campo, impulsados pola gran cantidade de datos dispoñibles, melloras nas capacidades de computación dos ordenadores actuais, así como avances nas técnicas algorítmicas coas que se desenvolven os modelos intelixentes, coñecidas coma "Deep Learning".

Non obstante, non foi ata os últimos anos, cando un tipo de Intelixencia Artificial coñecida como "xerativa", co popular ChatGPT á cabeza, está a supoñer unha auténtica revolución nunha gran variedade de sectores profesionais, de ámbito creativo, tecnolóxico, científico, e humanístico e, moi especialmente, no sector educativo.

Esta exposición presenta este novo tipo de IAs xerativas, as oportunidades e retos que supón para todo o ámbito educativo, dende o punto de vista do profesorado e do alumnado, así como as utilidades para mellorar a produtividade nas funcións da propia inspección educativa.

**Relator/a:**



**Yolanda Corral Murcia.** Licenciada en Ciencias da Información, Xornalismo. Máster en Community Management e Xestión das redes sociais na empresa. Certificado de Profesionalidade en Docencia da Formación Profesional para o Emprego.

Profesional autónoma. Xornalista e formadora especializada en ciberseguridade e competencias dixitais. Fundadora da canle divulgativa en ciberseguridade 'Palabra de hacker' e autora do libro 'Ciberseguridade de ti a ti. O que tes que coñecer para sentirche máis seguro', editorial OXWord.

Plenamente implicada en labores de concienciación de seguridade dixital para alumnado e familias, formación ao profesorado, empregados e outros colectivos.

Formadora do programa Xornadas Escolares de INCIBE-IS4K nas catro edicións realizadas ata a data e Cibercooperante de INCIBE. Mentora da National Cyber League da Garda Civil. Dinamizadora de Hack&Beers en Valencia. Presentadora de eventos e relatora habitual en xornadas e congresos relacionados coa ciberseguridade, a educación e a tecnoloxía.

**Relatorio: “En busca da seguridade e o benestar dixital”.**

Na rede todos estamos expostos aos diferentes perigos e ameazas pero de maneira especial os nenos, nenas e adolescentes debido á sobreexposición, o acceso a contido inapropiado e a que determinadas prácticas de risco poden derivar en problemas e mesmo na comisión de delitos.

No relatorio explicarase dunha forma práctica as medidas básicas de protección dixital que se poden adoptar nos centros educativos, descubriendo recursos e sitios de referencia, poñendo o foco nos principais riscos dixitais e contemplando a necesidade de que se aborden estas temáticas nas aulas fomentando a empatía, o respecto e o uso seguro e responsable da tecnoloxía para mellorar a convivencia escolar, o benestar dixital e desta maneira poder lograr unha detección temperá de posibles vítimas.



Organizado por:



**AIEG**  
Asociación de Inspectores e  
Inspectoras de Educación  
de Galicia

**adide**  
federación



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CENTRO DE FORMACIÓN  
E RECURSOS  
DE OURENSE

Colaboradores:



DEPUTACIÓN  
OURENSE



CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL  
DEPUTACIÓN OURENSE

**Santillana**

a Sanoma company



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN  
Y FORMACIÓN PROFESIONAL



Plan de Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



RIBADAVIA  
Concello

# A inspección educativa: novos retos, novas oportunidades

2 e 3 de maio de 2024  
Centro Cultural Marcos Valcárcel  
(Ourense)



**AIEG**  
Asociación de Inspectores e  
Inspectoras de Educación  
de Galicia

**adide**  
federación

## Programa:

### Xoves 2 de maio de 2024

- **9:00** Acreditación e recollida de documentación
- **9:30** Inauguración do Congreso
- **10:00** "A escola da IA: Pedagogía e Tecnoloxía co alumnado do centro"

#### *Alfredo Hernando Calvo*

CEO da Escuela21. Psicólogo e investigador. Formador nacional e internacional nas novas tecnoloxías.

- **11:30** Pausa - Café
- **12:00** "Explorando novos horizontes: oportunidades e retos da IA en educación"

#### *María Azucena Vázquez Gutiérrez*

Doutora en Educación e Tecnoloxías dixitais. Directora de Transformación Dixital na Escuela21. Docente.

- **14:00** Xantar

**Tarde: visita á Ribadavia.**



### Venres 3 de maio de 2024

- **10:00** "IA xenerativa para mellorar a produtividade nas funcións da inspección educativa"

#### *Daniel González Peña*

Profesor Catedrático de Universidade no departamento de informática da Universidade de Vigo.

#### *José Ramón Méndez Reboredo*

Profesor Titular de Universidade no departamento de informática da Universidade de Vigo.

- **11:45** Pausa - Café
- **12:15** "En busca da seguridade e o benestar dixital"

#### *Yolanda Corral Murcia*

Licenciada en Ciencias da Información. Periodista e formadora especializada en ciberseguridade.

- **14:00** Clausura do congreso
- **14:30** Xantar